

FISIOTERAPIA XERAL

Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador), M^a Mercedes Soto González, Pablo Campo Prieto

Curso 2020-21

TRABALLO DA MATERIA

- **1. Resumo e análise de dous artigos científicos.**
- **2. Comentarios ao traballo doutro grupo.**

Todo o alumnado debe estar dado de alta na plataforma TEMA, pois en faiTIC se farán os grupos, se subirán as distintas partes do traballo a elaborar e será o principal medio de comunicación para as notificacións.

Temporalización

| Datas | Alumnado | Docentes |
|----------------------------------|---|--|
| 15 de setembro | | Explicación da estrutura do traballo e prazos a cumprir na entrega das distintas partes do traballo. Sinalan os temas sobre os que traballarán os distintos grupos. |
| Ata o 25 de setembro ás 00 horas | Comunican a conformación dos grupos en faiTIC. | Asignan aos grupos que consideren oportuno a aqueles estudantes que aínda estean sen grupo de traballo. |
| Ata o 4 de outubro ás 00 horas | Suben ao espazo de grupo en faiTIC os artigos atopados de cara a seleccionar os dous que conformarán o traballo do grupo. | Axudan á selección dos artigos no caso en que así llo pida o grupo. Explica as dúbidas que vaian xurdindo a cada grupo na elaboración do traballo. |
| Ata o 30 de outubro ás 00 horas | Suben ao espazo de grupo en faiTIC o resumo dos dous artigos elixidos e a súa análise. | Proporciona a cada grupo os resumos e comentarios feitos por outro grupo de traballo. Corrección dos resumos e comentarios. |
| Ata o 6 de novembro ás 00 horas | Suben ao espazo de grupo en faiTIC os comentarios ao traballo feito polo outro grupo. | Corrección da análise feita por cada grupo. |
| 23-27 de novembro | Presentación e defensa na aula do traballo realizado. | Avaliación dos traballos de cada grupo (resumos e comentarios sobre o propio tema + valoración feita do traballo do grupo analizado + presentación e defensa feita). |
| Ata o 27 de novembro ás 00 horas | Avaliación da percepción que se tivo do traballo realizado. | |

Formación de grupos e reparto de temática:

Os grupos estarán feitos en faiTIC e co seguinte reparto de temáticas de traballo por grupo:

| | |
|-----------------------------------|-----------------------------------|
| G1: masoterapia – crioterapia | G7: magnetoterapia - hidroterapia |
| G2: crioterapia – fototerapia | G8: hidroterapia - masoterapia |
| G3: fototerapia – hidroterapia | G9: masoterapia - magnetoterapia |
| G4: hidroterapia – masoterapia | G10: magnetoterapia - fototerapia |
| G5: masoterapia – termoterapia | G11: fototerapia - hidroterapia |
| G6: termoterapia - magnetoterapia | G12: hidroterapia - masoterapia |

O estudantado terase que apuntar no grupo que elixa en faiTIC.

Criterios para a selección de artigos

- Temáticas: segundo lle corresponda a cada grupo.
- Carácter: debe ser un artigo orixinal (NON unha revisión bibliográfica ou unha simple descrición de técnicas), a opción preferente será un ensaio clínico aleatorio.
- Idioma: a elección do grupo.
- Fontes: revistas científicas.

Notificación a través do foro dos artigos e subida de artigos

Non se poden repetir os artigos seleccionados polos grupos, polo que cada grupo informará aos demais dos artigos escollidos a través do apartado de foro en faiTIC. Terá prioridade o grupo que escolla primeiro. É responsabilidade do alumnado revisar a non coincidencia. De darse esta coincidencia, ao grupo ou grupos que non foron os que escolleron primeiro o artigo, e aínda que presentara o resumo e comentarios, NON se lle valorará esa parte do traballo.

Cada artigo atopado e elixido por cada grupo debe ser notificado ao resto do estudantado por medio do foro habilitado para este fin en faiTIC (Foro: Traballo de Fisioterapia Xeral). Neste foro, cada grupo (a persoa do grupo que o faga débese identificar e sinalar a que grupo pertence) comunicará a referencia completa dos artigos para coñecemento do resto dos compañeiros (para comunicar a referencia, seguirase a normativa Vancouver → documento explicativo no apartado de "Documentos e ligazóns" en faiTIC).

O docente só participará neste apartado para resolver dúbidas que poidan xurdir con algún artigo ou para notificar, ao grupo que llo pida, se lle sirve ou non algún dos artigos seleccionados.

Resume dos artigos:

- Cada resume debe comezar coa referencia bibliográfica do artigo de que se trate, seguindo para iso a normativa de Vancouver.
- Non se poderá copiar o *abstract* ou resumo que ten o propio artigo.
- Máximo dunha páxina por resumo de cada un dos artigos (letra Arial, tamaño 10, entreliñado 1,5, e marxes xustificadas superior e inferior a 2,5 cm e de 3 cm á dereita e á esquerda).
- Será subido a faiTIC en formato Word (nomearase o arquivo como, por exemplo: G1_masoterapia_resume).

Análise dos artigos:

- Máximo de 2 páxinas de cada artigo (letra Arial, tamaño 10, entreliñado a 1,5, e marxes xustificadas superior e inferior a 2,5 cm e de 3 cm á dereita e á esquerda).
- Seguir as orientacións que se indican abaixo.
- Ademais destes aspectos, cada grupo fará un comentario xeral dos resultados atopados nos artigos analizados no grupo e a súa implicación respecto aos contidos da materia de Fisioterapia Xeral.
- Será subido a faiTIC en formato Word (nomearase o arquivo como, por exemplo: G1_masoterapia_analise).

*Orientacións para facer a análise dos artigos

- 1 **Título:** remite axeitadamente á idea básica do artigo?; é conciso e claro?
- 2 **Resume:** é redactado ou estruturado?; é conciso, claro e facilita os datos fundamentais do contido do artigo?
- 3 **Palabras chave:** cantas son?; corresponden cos temas fundamentais do artigo?; son termos MeSH?
- 4 **Estrutura** do artigo:
 - a. **Introdución:** resposta a que e por que se fixo o traballo?; da un marco xeral do problema de estudo e clarifica o porqué do que se vai a estudar?; contén cal ou cales son os obxectivos da investigación no último parágrafo da *Introdución*?; é conciso e claro o obxectivo formulado?
 - b. **Metodoloxía:** sinala como se fixo o estudo, facilitando que se poida reproducir?; indica tipo de estudo e deseño experimental?; sinala as características da mostra, así como os criterios de inclusión e exclusión determinados para a súa selección?; fai cálculo do tamaño da mostra para que esta sexa representativa da poboación de estudo?; a mostra está distribuída en grupos?; indícase, de selo caso, como se fixo a asignación a cada un dos grupos?; que cegamento hai no estudo: ningún, simple, dobre ou triplo?; sábese o lugar, a data de realización e a duración do estudo?; descríbese axeitadamente a intervención realizada, así como as técnicas e/ou procedementos empregados para recoller a información de dita intervención?; e estas intervención e métodos de valoración están referenciados?; están establecidas as directrices éticas necesarias: consentimento informado, comité de ética de investigación...?; sinálase a análise estatística feita aos resultados?
 - c. **Resultados:** hai análise das características dos distintos grupos?; e son homoxéneos?; sinálase as perdas durante a duración da investigación?; indícanse con claridade os resultados atopados para cada unha das variables analizadas?; estes datos responden aos obxectivos establecidos?; danse datos de diferenzas intra e intergrupos?; consta a significación estatística dos resultados?; no caso de usar táboas e/ou gráficos para presentar os resultados atopados, estes sinalan os datos dun xeito claro e pódense entender por si mesmos sen necesidade de ler o texto do apartado *Resultados*?
 - d. **Discusión:** sinálase a importancia do atopado na investigación realizada?; ¿compáranse os resultados cos publicados por outros traballos?; os estudos cos que se compara, son recentes e relevantes?; indícanse as limitacións do estudo feito?; facilítase unha orientación cara onde ir en novas investigacións sobre o tema de estudo?
 - e. **Conclusións:** hai, polo menos, unha conclusión por obxectivo?; as conclusións baséanse nos resultados obtidos?; son imparciais ou fan, máis ben, unha valoración subxectiva deles?

- f. **Bibliografía:** está actualizada?; é ampla?; referénciase axeitadamente ao longo do texto do artigo?

Comentario do traballo feito por outro grupo:

- Valorar de forma xustificada se o outro grupo seguiu ou non as indicacións dadas para realizar os resumos e os comentarios-análises dos dous artigos elixidos (puntos fortes e aspectos mellorables).
- Máximo dunha páxina (letra Arial, tamaño 10, entreliñado a 1,5, e marxes xustificadas superior e inferior a 2,5 cm e de 3 cm á dereita e á esquerda).
- Será subido a faiTIC en formato Word (nomearase o arquivo como, por exemplo: G1_valoracion_do_G12, que implica que o grupo 1 fixo unha valoración do grupo 12).

Presentación dos Traballos

- Máximo de 6 minutos por grupo. Tres representantes do grupo (escollidos no mesmo momento) exporán as distintas partes do traballo: artigo 1, artigo 2 e comentarios ó traballo do outro grupo (puntos fortes e aspectos mellorables).
- NON é necesario ter unha presentación de PowerPoint ou outro formato. Pódese levar un guión ou os propios traballos para servir de guía.

RÚBRICA DO TRABALLO

O **traballo** terá un valor máximo sobre a nota final de 1 punto:

- 0,2 puntos polos resumos feitos;
- 0,3 polos comentarios e análise sobre os propios resultados atopados nos artigos;
- 0,25 puntos pola análise da información aportada polo grupo que lles corresponda valorar.
- 0,25 puntos pola presentación feita.
- Normas de formato do resumo.
- Normas de formato do comentario.

Para concretar a avaliación de cada un dos apartados anteriores, seguiranse os **criterios** seguintes:

- Realización do traballo segundo as indicacións dadas neste documento.
- Seguimento das normas de formato (no resumo, no comentario-análise e na valoración e análise feito por outro grupo).
- A concreción e a claridade do texto.
- En relación aos comentarios sobre o propio grupo de artigos: preséntanse os puntos fortes máis relevantes atopados nos artigos; preséntanse os puntos máis relevantes que van en sintonía coa información aportada na materia e os que non (neste caso, indicando o porqué); sinálanse os principais puntos febles e as cuestións que poderían mellorar no futuro os estudos analizados.
- En relación á valoración a realizar do traballo do outro grupo: os resumos dos artigos e os comentarios-análises sobre os mesmos seguen as orientacións dadas polo docente; sinálanse dun xeito conciso, claro e xustificando as valoracións feitas de cada un dos artigos do grupo que lles tocou valorar; a crítica é sempre positiva e construtiva, destacando os puntos fortes e propoñendo melloras

***Dúvidas ou aclaracións:** pcampo@uvigo.es